

A Igrexa parroquial

Mirando á historia

A primeira igrexa de San Pedro de O Buríz foi levantada polos monxes de Monfero a finais do século XII ou comezos do século XIII. Era unha igrexa dunha sola nave, cun pequeno ábside, un portada moi sinxela rematada dunha espada dun soa campana. O interior estaba adornado con pinturas, tal como pode verse hoxe no caso da igrexa de Labrada. Desta primitiva igrexa so se conserva un anaco de parede do lado norte da mesma. A edificación actual ten a súa orixe no século XVIII, pero sufriu profundas ao longo do século XIX e sobre todo a mediados do século XX. Recentemente, no ano 2000, fíxose unha nova intervención na nave da mesma. Como foi normal nas igrexas románicas, que tiñan unha soa nave, no século XVIII engadíuselles unha parte mais alta na zona do presbiterio através dun arco de medio punto. Esta capela maior estaba cuberta a catro augas ata que na reforma dos anos sesenta, le levantou a nave e quedou toda a edificación a dúas augas.

O resto orixinal mellor conservado, que queda do mesmo século XVIII, é unha capela a lado esquerdo da igrexa á que se accede a través dun arco medio punto. Ao fondo dela hai un arcosolio de medio punto que trata de cubrir a imaxe de Nosa Señora do Carmio, patroa da capela.

Na pilastra dereita lese esta inscrición:

ESTA CAPILLA LA IZO FELIPE/ DE ROSENDE I S. MGR. FELISI/
ANA D JOBE I RETABLO/I OMAJES A COSTA DE S/US E.
ESP. TRONO DE/ ILAIUS SCSE- ANO 1725 +.

Segundo unha tradición do pobo se fixo para reparar unha xa imposible restitución.

Conservando o padroado da mesma Felipe de Rosende, da casa do Portel e os seus sucesores. Logo farase cargo da atención á mesma o mordomo da Confradía do Carmio. Cousa que sucedeu ata fai uns corenta anos. O último mordomo foi Antonio Paz Lobeiras do barrio de A Graña.

A fachada actual ten a porta adintelada que se enmarca con molduras de baquetón de liñas rectas. Sobre a porta hai un nicho coa efixie en pedra do titular, San Pedro, de moi boa factura popular. O nicho, coroada cunha bovedilla en arco de volta perfecta, ten o seu borde cunha moldura baquetonada seguida dunha escocia, perfilando exteriormente o conxunto outra moldura de tres baquetiñas.

No punto céntrico do arco aparecen escultradas a tiara pontificia e as chaves, referencia clara á figura do patrón San Pedro.

Os muros cóbrense lateralmente con senllas cornixas, dando a impresión de ter forma de Z. Sobre o extremo de cada unha alzase unha acrótera-pináculo de forma un tanto piramidal que remata con grosa bóla.

Sobre o centro da fronte álzase a espadana. É de dous corpos ben diferenciados. O seu primeiro corpo elévase sobre unha cornixa de dobre moldura. Para as campás ábrense nel dous ocos rematados en arco de volta perfecta, e á metade da altura das súas tres pilastras, que compoñen é cada unha delas cinguida con cornixa de triple moldura. Outra cornixa, semellante ás demais, remata este primeiro corpo en todo o seu arredor, e sobre a súa parte central érguese o segundo corpo.

Ten este un oco central, igualmente coroado con arco de volta perfecta, e dentro del áchase unha efíxie pétreo de Santa Bárbara; é de boa traza e leva os característicos atributos da palma do seu martirio e da torre.

Tamén este corpo, o mesmo que o primeiro, remata co mesmo tipo de cornixa. E ambos se embelecen por cada lado, como o muro de fachada, co mesmo tipo de acrótera-pináculo. Sobre o centro do segundo corpo aparece un remate coroado con cornixa curva. Tamén ten un pequeno oco e serve de soporte a unha cruz de ferro.

É de notar a historia ininterrompida deste lugar. É rica en vestixios prehistóricos: castros, mámoas, petroglifos. Continúa esta riqueza da época romana: ara aos Lares Viais, estela funeraria inédita, topónimos, etc.

Para confirmar o dito imos escolmar algúns datos, contidos nos Libros de Fábrica, que nos poden confirmar a verdade do que levamos dito, así como algúns aspectos concretos dos obxectos litúrxicos, imaxes, etc. que compoñían o axuar que existiu na nosa igrexa parroquial.

1705. Neste ano faise o pórtico que estaba diante da igrexa e que foi derrubado para ampliación do cemiterio nos anos 70. alí dísenos que “Deu en descargo os 64 reais de pan que levaron os que fixeron o pórtico. Máis deu en descargo os 34 reais e 8 maravedís que levaron os devanditos por dito pórtico”. Foto procesión onde se ve pórtico 1727. Neste ano deberon de rematar as obras da fachada da igrexa e do pórtico, xa que nas contas dísenos que : “Primeiramente deu en descargo 227 reais de vellón da compostura da fronteira da Igrexa e feitura do pórtico”.

1732. Nos Mandatos dados polo bispo rei Alexandre Sarmiento de Soutomaior, na visita pastoral de 1732, di que : “os veciños desta parroquia compoñan a cruz de prata e a capela maior e fagan para ela un retablo novo por ser moi necesario”.

1733. Nos Mandatos da visita do ano seguinte o bispo Sarmiento volve a insistir no mesmo mandando. “E en orde á redificación da Capela maior o Abade e relixiosos do mosteiro de Monfero han embarazado aos veciños sen deixarles cumprir con dito mandato, nin o referido Mosteiro procurar facelo por si (...) manda seu Ilma. que o cura faga saber ao P. Abade e Procurador do expresado mosteiro que dentro de dous meses dean a causa e razón (...) para non cumprir e embarazar aos veciños o cumprimento do devandito mandato”.

1734. Neste ano insítese novamente nos mandatos anteriores e comincíasele por carta ao Abade de Monfero para que cumpra coa súa obrigación acerca de dita igrexa parroquial: “Participo por carta con inserción dos capítulos das anteriores visitas ao Reverendísimo Pai Abade do Mosteiro de Monfero ou a quen lle substituíse no emprego para que fagan se reedifique a devandita Capella maior”.AD. L. II, 76/r.

1745. Os monxes de Monfero non facían caso dos mandatos do bispo nin os veciños tiñan posibilidade de levantar a capela maior, que seguía en moi mal estado, tal como din os mandatos de visita deste ano. “Ytem manda S. E. que por quanto a capela maior desta Igrexa é sumamente desproporcionada e baixa, non correspondendo ao corpo de toda a Igrexa (...) e á termino de dez meses reedifiquen a devandita capela maior e a poñan coa elevación correspondente ao corpo de toda a Igrexa”.

1745. O que si vemos e que as obras non estaban paradas e, no mesmo ano 1745, rematase o

campanario da Igrexa parroquial: “Primeiramente deu en descargo 23 reais da cruz e dúas bólas que se fixeron para o campanario”.

1757. Todas as obras de remodelación da igrexa leváronse a cabo sendo cura D. Antonio Cortés, quen 20 anos despois da súa chegada segue coas obras. E así neste ano fai os seguintes cargos no Libro de Fábrica: “Mas deu en data 369 reais e 16 maravedís que puxo para as mestres que fixeron a fronteira da igrexa”. E segue: “Mais deu en descargo 400 reais que deu para axuda da composición da igrexa e campá”. A Confraría de Animas, San Bartolomé e San Antonio achegou a cantidade de 300 reais para a obra da Igrexa: “Mas deu en data 174 reais que deu para a composición da Igrexa”. 1758. Neste ano a Confraría do Carmio colaborou para esta obra con 114 reais. 1795. Levantouse de novo o pórtico que había diante da igrexa que costou 850 reais, tal como se no libro terceiro de Fábrica: “Así mesmo deu en data e descargo 850 reais custo dela echura do repórtico que de novo se yzo diante a porta prinzipal da igrexa desta feligresía por ser moi necesario á Igrexa”.

1795. O novo cura Martín Tejjido seguiu coas obras de restauración da igrexa e levou a cabo a restauración da sancristía que era moi pequena e baixa: “Igualmente deu en data 200 reais que levou o mestre polo traballo e o máis necesario para reedificar e compoñer a sancristía da igrexa”.

1832. Hai un período longo sen obras ata que no ano de 1832 en que se fai o arco da capela maior. Tal vez esta foi a última intervención que tivo tanto o cura Martín Tejjido como o abade de Monfero Frei Ambrosio Iglesias. Foi obra do mestre canteiro Clemente Varela de Monfero: “Así ben se lle admite en data 1400 reais que custou alargar e construír de novo o arco da capela maior coas súas cepas e erguer as paredes da mesma, facer unha fiestra na parte do medio día, cubrir toda a obra de madeira e lousa segundo foi rematado en pública poxa a Clemente Varela veciño de San Félix de Monfero”.

1841. Xa en tempos do cura Martín García reedificouse a capela maior que seguía a ser moi baixa e estaba derruída, sabemos o seu custo xa que se pagou con fondos da Confraría do Santísimo: “Así mesmo 640 reais que entregou ao mestre que compuxo ou reedificou a Capela maior da Igrexa que se achaba destruída”.

1879. Neste ano sendo xa cura D. Andrés Pérez do Barro, levantouse a capela maior e a sancristía tal como se viña pedindo nas visitas pastorais. O mestre canteiro que a fixo era veciño de esta parroquia, tal como se di no libro de contas: “*Entregou ao mestre Miguel Fernández veciño desta parroquia que, como ofertante máis vantaxoso, lle foi rematada en pública poxa, é a saber a reconstrución da sancristía por completo co seu branco por dentro e por afóra, o branco da igrexa por dentro e por afóra e outros reparos, que por máis extenso nas súas condicións poden verse en prego de condicións e obriga, que se atopa neste mesmo libro*”. 1880. Parece que se rematou a obra e liquidase o custo: “*Entregados ao mestre Miguel Fernández a quen foi rematado a obra da Igrexa de que no ano anterior faise mención: 620 reais*”.

1887. No ano de 1884 unha chispa botou para baixo parte do campanario da igrexa e facendo outros destragos na nave maior da igrexa. O pior do caso foi que tal raio matou a Luísa Sanmartín García de 17 anos de idade, veciña da casa de As Peniñas, xa que dito raio caeu a hora da misa o domingo 24 de agosto de 1884. Ata 1887 a igrexa debái ter moi mal aspecto

coa torre media caída e a nave maior esteada. No ano de 1887 contratouse a obra a Manuel Cancelo Balsa, quedando a espadana como está a día de hoxe e ponendolle unha imaxe de santa Bárbara como protectora contra as tormentas. Foto de santa Bárbara. Dáse conta disto no texto que sigue: “180 reais que se deron a Lorenzo Cancelo Balsa ofertante máis vantaxoso por recompoñer a espadana da igrexa arruinada pola chispa do vinte e catro de agosto de mil oitocentos oitenta e catro”.

1901: A situación de toda a Igrexa era moi precaria despois da caída da chispa, por iso, D. Andrés Pérez do Barro acomete, de forma definitiva, o problema da capela maior e sancristía, da cornixa, etc.. Sen dúbida que quen urxiu e animou a obra, como se pode ver o pendente que dela estivo, polas partidas sinaladas mais abaixo, foi o bispo D. Manuel Fernández de Castro. A obra foi levada a cabo por Antonio Fraiz e Xosé Barreiro, de Vilalba: “En primeiro lugar 2000 reais que deu a Don Antonio Fraiz e Don Xosé Barreiro, veciños da vila de Vilalba, contratistas da obra da igrexa parroquial da dita de San Pedro de Buriz, consistente na reconstrución da capela maior da mesma, e o seu arco e sancristía cos ensanches da obra que no prego de condicións se pode ver, para conta dos 5200 reais, xa que como máis vantaxoso ofertante lles foi rematada en primeiro de xaneiro de mil novecientos un, en pública poxa e por contrata particular en 740 reais a faixa por afora do arco, a faixa ao redor da obra tamén por afora baixo a cornixa e esta toda nova, incluso as dúas de embaixo ao principio do arco con autorización do Ilustrísimo Señor Bispo desta Diocese, Doutor Don Manuel Fernández de Castro, data dez e nove de outubro de mil novecientos un”.

No mesmo ano de 1901 seguese a dar conta do importe das obras: “Item 3640 reais para conta dos cinco mil novecientos corenta reais, que percibiron os contratistas da obra da Igrexa desta parroquia de San Pedro de Buriz, a saber da Capela maior da mesma e Sancristía; incluso o arco da devandita capela; cuxa obra foi rematada, en pública poxa en primeiro de xaneiro do corrente ano a Don Antonio Fraiz e a Don Xosé Barreiro, como máis vantaxosos postores en 5200 reais, veciños ditos contratistas da vila de Vilalba, e por contrato particular pola faixa do arco, cornixas novas da mesma, faixa baixo cornixa e esta toda nova, 740 reais, autorizado para todo isto ao expresado párroco en dez e sete de outubro polo Ilustrísimo Señor Doutor Don Manuel Fernández de Castro, Bispo desta Diocese”.

A importancia da obra era demasiado pesada para os fregueses, polo que aproveitábase todos os fondos das confrarías. “E por último 300 reais que deu para a construción da Capela maior da Igrexa e Sancristía con autorización do Iustrísimo Señor Bispo da Diocese para conta dos contratistas da mesma”.

1906. Neste ano recintouse a espadana e deuse pintura a todo o interior da igrexa: “336 reais de corenta e dous xornais empregados en recintar a espadana, dar branco á Igrexa, pintala por embaixo, compoñer os confesonarios, pintar a mesa da Sancristía (...) a oito reais cada xornal”.

1913. Neste ano acometese a obra de ampliación do cemiterio parroquial, que estaba practicamente metido no que hoxe é o adro da igrexa. Foi obra do constructor Xosé M^a Fraga Villares, veciño de O Buríz. A constatación das correspondentes partidas é como segue: “Tres mil reais que, con autorización do Ilustrísimo Señor Bispo desta Diocese, data cinco de xullo de mil novecientos doce, se investiron desta Confraría no ensanche e reconstrución do cemiterio desta parroquia nas partidas que seguen:

“1723 reais que se deron ao canteiro Xosé María Fraga Villares veciño desta parroquia por facer a parede do devandito cemiterio con seu cabalete de cantaría e porta en cuxa cantidade lle fora rematada dita obra como ofertante máis vantaxoso”.

A porta de ferro de dúas follas do cemiterio, que se trouxo da Coruña, custou 740 reais. A partir do 1918 a Confraría de San Bartolomeu, San e Animas celebra anualmente unha función Solemne a San Rosendo.

Rematouse o pago da obra con fondos da Fábrica: “Oitenta e seis reais con vinte e cinco céntimos que deu tamén ao albanel que concluíu de dar ao recebo ao cemiterio, de once xornais e medio, a sete reais e medio cada un, mantido polo párroco, estes oitenta e seis reais e vinte e cinco céntimos, cos que só puxo a fábrica para a conclusión do cemiterio, por non chegar as tres mil reais que con autorización do Señor Bispo, data cinco de xullo de mil novecetos doce extraéronse da Confraría de San Bartolomeu, San Antonio e Animas desta parroquia, segundo consta das contas deste do mesmo ano”. 1947. Nestes anos faise unha pequena ampliación do cemiterio e na parte do pórtico que lindaba co dito cemiterio. A obra é levada a cabo por Hilario Calvo e Xosé Pena Jove, veciños de O Buríz. O importe foi de 1090 pesetas gastadas no arranxo do cemiterio, pórtico e escaleiras do campanario.

Obras recentes

1968-1974. Nestes anos, sendo cura D. Elías López Castro, fíxose unha remodelación de toda a igrexa. Levantouse a nave baixa que quedaba da construción románica ao nivel da capela maior, quedando todo o lousado ao mesmo nivel. Unha párete da parede sur foi levantada con bloques de cemento, onde foron abertos catro grandes ventanais. No interior da igrexa suprimíronse os catro retablos existentes, quedando a igrexa moi baleira. Púxose un cristo de madeira no presbiterio e fíxose un Altar, púlpito e sede, como igualmente un retabliño, todo de pedra do país, que son obra de canteiro desta parroquia Hilario Calvo, da Cancela. As contas do Libro de Fábrica da parroquia resumen os gastos das obras levadas a cabo naqueles anos:

”Cargo:

1º.- Superávit do ano anterior: 6.898 ptas.

2º.- Ingresos do culto dos últimos sete anos: 6.918 ptas.

3º.- Por títulos de nichos: 13.200 ptas.

4º.- Ingresei de doazóns dos feligreses para a renovación e arranxo da igrexa, necesarios por derrubamento da teitume, caída da parede sur, etc.: 80.625 ptas.

Donativos anónimos: 20.775 ptas.

5º.- Administración da Diocese: 50.000 ptas.

Suman os ingresos: 178.316.

Gastos:

1º.- Cemento e ladrillos: 30.000 pts

2º.- Albaneis: 26.400 pts

3º.- Traballo de canteiros: 25.600 pts

4º.- Lousa para o tellado de toda a Igrexa: 30.000 pts. Madeira, terrazo, cristais, bloques, etc.

Suma o total: 165.525 pts.

5º.- Madeira e construción de 24 bancos: 15.000 ptas.

6º.- Ferro para as placas: 3.125 ptas.

7º.- Bloques pretensados: 2.800 ptas.

8º.- Cristais ventanas: 2.000 ptas.

9º.- Pedra de altar: 600 ptas.

10. Pinturas plásticas: 10.000 ptas.

11.- Terrazo para o solo de toda a igrexa: 20.000 ptas.

Total gastos: 165.525 ptas”.